

ACTA DE APERTURA DO SOBRE A E SOBRE B CORRESPONDENTE AO LOTE 7, PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN E CATALOGO DE ACCIÓNS FORMATIVAS ON LINE QUE CONTÉN A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OS CRITERIOS NON VALORABLES DE FORMA AUTOMÁTICA, LOTE INTEGRANTE DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO SERVIZO DE ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN 2023-2024 (7 lotes) TRAMITADO MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.

Os asinantes deste documento declaran expresamente que non se atopan en ningunha situación susceptible de xerar conflito de intereses en relación co contrato a que se fai referencia neste documento, e que informarán sen dilación ao órgano de contratación de calquera situación que constitúa ou poida dar lugar a un conflito de intereses; son coñecedores de que un conflito de intereses pode formularse, en particular, por razóns de intereses económicos, afinidades políticas ou territoriais, razóns familiares ou afectivas ou calquera outro interese compartido, que puidese chegar a comprometer a imparcialidade no procedemento de contratación en cuestión.

Expediente GD 3651_3660/2024

Na Casa Consistorial de Ames o 25 de abril de 2024 reúnese a Mesa de Contratación designada para a apertura do Sobre A e Sobre B do **Lote 7, PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN E CATÁLOGO DE ACCIÓNS FORMATIVAS ON LINE**, lote integrante do expediente de licitación das **ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN (7 lotes)**.

ASISTENTES:

Presidenta:

Susana Señorís Rodríguez, Concelleira delegada de Servizos Económicos

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria municipal.

Margarita Fernández Sobrino, Interventora municipal.

Actúa como **Secretaria** do acto **M. Isabel Quintáns Rios**, Auxiliar administrativo do Departamento de Contratación.

Antes de proceder ao inicio da apertura dos sobres, cabe mencionar que a **tramitación desta licitación é integramente electrónica** a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, e como tal os licitadores interesados deberán presentar a documentación única e exclusivamente de maneira electrónica a través deste medio.

A Xunta de Goberno Local do 5 de abril de 2024 aprobou o expediente de licitación por lotes do Servizo de Accións Formativas do Programa de Emprego dos Concellos de Ames e Brión 2023-2024 (7 lotes) tramitado mediante procedemento aberto simplificado.

O 08 de abril de 2024 o expediente foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público procedendo a apertura do prazo de presentación de solicitudes, rematando este o 23 de abril de 2024.

Consta no expediente relación de licitadores presentados ao Lote 7 denominado Plataforma de teleformación e catálogo de accións formativas on-line, emitido pola Plataforma de Contratación do Sector Público, resultando os seguintes:

Lote nº6.- Plataforma Informática e comunicacións	
EMPRESA LICITADORA	CIF
EQUIPO HUMANO PROYECTOS EMPRESARIALES SL	B-98098767

Procedese a apertura do **Sobre A** que contén a documentación administrativa, onde os licitadores deberán presentar a documentación administrativa que se indica no Anexo VII do PCAP.

Asemade, neste lote as empresas licitadoras deberán acreditar que dispoñen da Certificación do Esquema Nacional de Seguridade a nivel medio, debendo aportar unha copia.

A Mesa de Contratación tras analizar a documentación constata que co documento que aporta a empresa EQUIPO HUMANO PROYECTOS EMPRESARIALES SL non acredita a existencia de Certificación do Esquema Nacional de Seguridade a nivel medio, polo que se trasladará requirimento de subsanación.

Con respecto a restante documentación, esta achegase de maneira correcta, axustándose ao indicado no Anexo VII do PCAP.

Á vista do exposto, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA**:

Primeiro.- Trasladar a empresa **EQUIPO HUMANO PROYECTOS EMPRESARIALES SL** con B-98098767 requirimento de subsanación para que nun prazo de **tres (3) días hábiles** achegue a seguinte documentación:

- Certificación do Esquema Nacional de Seguridade a nivel medio

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematado o acto, do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.